

## AVISO

A partir deste momento, por orde do "Doctor" Correa, que nos momentos que lle deixa libre a súa dedicación á medicina exerce de Responsable de persoal da M1 e da nave Q, serán os Encargados quen atendan ós traballadores e traballadoras nas propias liñas, nos casos en que necesiten pequenas actuacións, como instilar gotas nos ollos, por exemplo. Isto

ten por obxecto evitar os desprazamentos ó Servizo Médico.

Non estamos se-



guros de se isto é o principio, pois ben puidera decidirse unha maior

intervención da liña de mando nestes casos, unha vez feitos os correspondentes "cursos acelerados de medicina aplicada".

De tódolos xeitos cremos que o de suplir ó propio Servizo Médico aínda non se lles ocorreu... polo momento.

## LIBERDADE DE EXPRESIÓN

Ante a decisión dos traballadores e traballadoras da quenda da noite de denunciar o incumprimento por parte de Dirección de ir pasando ás quendas de día con contrato de oito horas a este persoal, algún mando atreveuse a ameazar con que era ilegal andar coa

pegatina.

Este non se decatou que Franco morreu hai máis de 25 anos e que a liberdade de expresión é un dereito constitucional. Ilegal é coartar esta liberdade. Cremos que o problema radica en que todos os que ameazan ou chantaxean a estes traba-

lladores e traballadoras teñen un contrato de oito horas; se eles estiveran na mesma situación non nos cabe dúbida que a visión sería moi diferente.

## IMPULSO

Edita: Sección Sindical C.I.G. - PSA Peugeot-Citroën  
Nº 49 - Abril 2003



Confederación Intersindical Galega

*"A saúde laboral é un dereito dos traballadores, e unha obriga dos empresarios."*

## DÍA INTERNACIONAL DA SAÚDE LABORAL

## Sumario:

- ✦ *Día internacional da Saúde Laboral*
- ✦ *Cartas da Afiliación: "Proposición deshonesta"*
- ✦ *Aviso*
- ✦ *Liberdade de expresión*

O 28 de Abril celébrase o día Internacional da Saúde no Traballo, por elo esta Sección Sindical quer facer un pequeno balance deste ano no noso centro de traballo dende unha perspectiva sindical.

**FALECIMENTOS.-** En primeiro lugar debemos salienta que foi dos peores anos, ó ter que lamentar ademais dos accidentes menos graves, o falecemento de traballadores no centro de traballo, aínda que, oficiosamente, sempre se trate de dictaminar que este suceso acontece no exterior. Para nós, e con independencia desta confirmación, as causas dos sucesos é o que nos preocupa. Neste sentido, que foran tres os casos que se deran nos últimos meses é para reflexionar seriamente.

**LIMITADOS.-** É outro dos apartados da Saúde Laboral do que non nos sentimos satisfeitos. O Servizo de Prevención, que conta con medios técnicos (como é o departamento médico, hixienista, psicólogo e ergonómico) e humanos, ten a obriga de facer cumprir a Lei de Prevención de Riscos Laborais, no seu artigo 25. Isto non sempre se está facendo xa que ás veces, é o Servizo de Persoal quen determina a zona de traballo onde se ten que adaptar o limitado, como se a persoa limitada fora un problema específico do taller concreto, sen contemplar a globalidade dos postos de traballo de toda a fábrica. Esta aptitude trae consigo, non só o sufrimento do limitado (físico ou psíquico), senón que, ademais, alimenta a

(Continúa na páxina 2)

(Vén da páxina 1)

idea de que, como alternativa só lles queda a baixa por I. T., polo cal, en principio, todos nos manifestamos en contra.

**ADAPTACIÓN MÁQUINAS.-** Como sabemos, no ano 98 entrou en vigor unha lei pola cal esixíalle ás empresas que tivesen as súas máquinas e ferramentas, anteriores e posteriores a este ano, adaptadas á normativa de Seguridade da Comunidade Europea nesta materia. Citroën acolleuse á moratoria que a propia lei contemplaba de 5 anos para proceder a dita adaptación.

No ano 2002 venceu dita moratoria e, a pesar de dársenos nun informe a mediados do ano pasado, como cumpridas ditas adaptacións, a C.I.G. coñecedora do seu incumprimento, formalizou a pregunta ó Director, que nos respondeu na reunión do pasado día 10/03/03 que, efectivamente, quedaban zonas de fábrica por reformar máquinas e ferramentas, como, por exemplo a nave F.

Este recoñecemento deixou en evidencia non só que os 5 anos de morato-

ria non foron suficientes, que se podía entender nalgúns casos, pero si nos sorprende que a empresa auditora deste traballo dérao por finalizado no seu informe, cando non foi así.

**MUTUAS.-** Se ben a C.I.G. leva escrito bastante sobre as Mutuas, neste informe é inevitable referirnos de novo a elas, pola relación directa que teñen coa Saúde dos tra-



balladores e traballadoras.

Sabemos que hai persoas que, en función da súa doenza, a través da Mutua sonlle adiantadas as probas e reciben o tratamento máis axiña, algo que non debera suceder se a Seguridade Social realmente estivera interesada en reducir as listas de espera, nembargantes isto non xustifica outras actuacións xa denunciadas, e que revelan

un trato do paciente, desde unha perspectiva principal do negocio, un trato que nada ten que ver co que se debe e se necesita dar a estas persoas. Cando menos humanizar o trato; ese será o noso obxectivo.

**PREMIAR A SAÚDE.-** É un paradoxo, xa que, ¿que maior premio para a nosa saúde que non ter accidentes? Nembargantes, cada vez máis nos módulos establécense "premios colectivos" por bater records de tempo sen accidentes. Un tema que merece unha análise profunda desde a perspectiva da Saúde, por entender que, en ocasións, á desgracia que poida sufrir o accidentado do grupo, súmaselle o enfado dos seus compañeiros, ó ver frustradas as "pastas con churros", por exemplo. ¿Ata que punto é isto facer prevención?

Este é o noso comentario das cuestións sobre as cales é evidente que se pode mellorar, se realmente todos colocamos a SAÚDE dos traballadores e traballadoras por enriba de calquera outra consideración. Nese compromiso está a C.I.G.

## Cartas dos Afiliados



### PROPOSICIÓN DESHONESTA

-¡¡Pase Antonio!!  
¿Que tal la familia..? Le mandé llamar para darle una buena noticia.

-Vostede dirá

-Púes es para comunicarle que le compramos los 10 minutos de parada.

-¿Ah si?, pois non pensei que lle puidera interesar.

-Púes si, ya ve; pensando nos dijimos, ¿como podemos ayudar a mejorar los salarios de los operarios de Montaje, y he aquí la solución, ya que para ustedes ¿que mas les da diez minutos más o menos al día de descanso!

-¿Ah, pero, fala en serio en quererme comprar o descanso?

-Claro hombre, y además estoy dispuesto a pagarle muy bien.

-¿Como canto?.

-Púes.. teniendo en cuenta que 10 minutos representan 36 horas y media al año, estaríamos dispuestos a pagarle la friolera de 500 €, la mitad en Calificación de Puesto y la otra mitad en Complemento Individual. Irrestible, ¿a que si?



positivo...no como otros.

-Oia, ¿vostede sabe o que é estar na cadea traballando, e que che veña un coche tras outro.., vostede sabe a importancia que teñen para esta cabeceña as paradas..?

-Hombre aunque yo no estoy en esa situación, creo que es una buena oferta y además aquí nos trae el dinero y ¿que son 10 minutos...? Nada.

-Pois si que é moito diñeiro, e ademais xa non viría 5 sábados a velar, porque eses coches xa estarían feitos ¿verdade?

-Efectivamente, se ve que usted piensa en

-¿Que son 10 minutos di ? . Son 10 minutos de vida, imaxínese o perdelos.., por iso non llos poden vender.

-Pero hombre tiene que vender porque en Francia...

-Mire non me veña con esa cantinela. En Francia teñen cousas que nos non temos e o pouco que aquí hai non podemos renunciar a elo. Ademais nos somos os millores ¿non si?.

-Bueno Antonio, hai que vender, además tienes un hijo con 6 horas de noche y ya sabes lo que puede pasar...

-De chantaxe nada, aquí vimos a cumprir co noso traballo para levarnos un salario digno, e coa mesma dignidade tanto él como eu, temos o deber de defender os nosos dereitos.

-¿Ah si, conquese esas tenemos..?

-Si, a Saúde non se vende.

**Abril de 2003**